



V FEIRA MODERNISTA.  
III FESTIVAL MUSICALISMOS.  
SADA, XULLO 2016.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

---

**VENRES 29 Xullo:**

**Pola mañá:** montaxe de stands e finalización da instalación de decoración modernista en diferentes rúas de Sada. Inicio de ambientación con fío musical.

**17:00h.:** Apertura do "Mercado Modernista".

**18:00h.-20:00h:** Capela de San Roque: O Modernismo na Filla de Prata.

Durante a celebración da V Feira Modernista en horario de 18:00 a 20:00h. a Capela de San Roque acollerá a proxección dunha curtametraxe realizada por Xosé Seoane e a produtora Gallaecia Filmes sobre o Modernismo en Sada.

Este documental foi realizado en setembro de 2014. Xurdiu como complemento dunha exposición didáctica que a Asociación Irmáns Suárez Picallo elaborou para a III Feira Modernista de Sada. O obxectivo centrouse na procura da estética das imaxes e da montaxe para engalanar os contidos didácticos sobre este movemento artístico de finais do s. XIX e principios do s. XX. Esta produción de "GallaeciaFilmes" realizada por Javier González Garrido e polo propio Xosé Seoane servirá para apoiar didacticamente á exposición de rúa comisariada pola Asociación Irmáns Suárez Picallo que se ofrecerá ó público no entorno do Bulevar das Mariñas.

A curtametraxe proxectarase en bucle durante o horario marcado. Entrada gratuíta.

**19:30h. MUSICALISMOS:** "Pamela Gaizutite".

Esta bailarina e profesora de baile ucraína é unha das máis recoñecidas no panorama da música e a danza swing, e ofrecerá unha clase gratuíta e aberta á participación do público en xeral (non é necesario ter nivel previo) **na Praza de San Roque**, na que se ensinará a bailar o popular Charleston.

Pamela exprésase en inglés, polo que a sesión contará con tradución simultánea.

Na última parte desta sesión, Pamela realizará unha pequena exhibición coa que se poderá anticipar unha mostra do que se poderá presenciar ó longo dos tres días da Feira Modernista.



**20:30h.: Presentación de "As 7 Terrazas de Sada": a evolución do edificio modernista dende a súa construción ata hoxe.**

O catedrático de arquitectura José Ramón de Soraluce Blond e a arquitecta Laura Bouza Romero editaron un caderniño didáctico coa colaboración da asociación cultural sadense "Irmáns Suárez Picallo". Incorporan os planos de La Terraza e unha análise das diferentes variacións sufridas por este edificio ó longo do tempo.

A presentación terá lugar na primeira planta do propio edificio modernista sadense, con entrada libre, coa participación dos autores e da Asociación Irmáns Suárez Picallo. Repartiranse exemplares entre os asistentes.

**21:00h. MUSICALISMOS: "Thé Dansant" inaugural.**

Sesión de música e baile, acompañada de aperitivos, te, café, champagne, froita... O Thé Dansant trátase dun encontro e convivencia festiva para celebrar o verán, o sol, a vida... recrea un evento que se celebraba en La Terraza de Sada segundo achou o equipo da Biblioteca Municipal nunha investigación sobre a hemeroteca da época. O acompañamento musical nesta primeira sesión constará dunha lista de cancións seleccionadas por músicos, que ambientarán a Carpa Acendida e porán a nota de evocación e nostalxia ata o inicio do Pregón.

O convite gastronómico estará condicionado á asistencia con vestimenta apropiada para a época.

**21:30h. Inauguración oficial na Carpa Acendida:**

Saúda do Alcalde, Concelleiro e artistas.

Inauguración da ambientación e iluminación de evocación modernista elaboradas para esta edición en rúas, mercado, fachadas...

Durante o acto de inauguración repartirase un caderno sobre La Terraza, editado pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, no que se recolle información sobre os seus planos e as diferentes modificacións sufridas dende o seu levantamento en Sada.

**22:00h. MUSICALISMOS: "Picolissima Jug Band (Granada).**

No escenario montado dentro da Carpa Acendida, xusto a continuación da lectura do pregón, reviviremos a música que facían as formacións orixinais das primeiras bandas de músicos negros da escena americana de principios do s. XX coa actuación dunha das mellores representantes nacionais deste estilo, no que as "táboas de fregar" e instrumentos como os "kazoos" estaban ó servizo da creación musical e da improvisación.



---

## SÁBADO 30 Xullo:

### **11:00h.: Apertura do "Mercado Modernista".**

#### **11:00h.-12:30h MUSICALISMOS: "Pamela Gaizutite". Seminario Lindy Hop.**

A Carpa Acendida abrirase para acoller sesións de formación a cargo da bailarina e profesora Pamela Gaizutite, con inscrición gratuíta e pensada para persoas iniciadas na danza swing.

O Lindy Hop será o estilo preferente que se traballará durante estas clases, programadas para a mañá do sábado e o domingo.

Á finalización de cada sesión, os participantes poderán participar nunha exhibición de danza na rúa acompañada pola música en directo da "banda de rúa" desta V edición, a Jinx Jazz Band.

### **11:00h. a 13:00h.: Sesión libre de xogos tradicionais.**

Sesión dirixida por Borja Dorado e Jacobo Sampedro. Con eles ofreceremos a posibilidade de xogar libremente ou mediante actividades guiadas polos monitores a unha selección de xogos tradicionais, para o goce de pequenos e maiores. A sesión ofrecerase ó público de forma aberta e libre en diferentes momentos do día.

### **12:30h. Exhibición de Danza:**

A escola "Sadanza", pertencente á Sociedade de Sada, organizará unha exhibición de danza no escenario da Carpa Acendida na que exporán ante o público algunhas pezas de ballet clásico, xunto cunhas coreografías nas que mesturan a danza jazz cos populares ritmos do Charleston. Dirixidas por Clara Losada, tomará a inspiración artística do movemento Modernista para achegarnos un pouco á danza a través do seu "savoir faire".

#### **12:30-13:30h.: MUSICALISMOS: Jinx Jazz Band (Barcelona).**

Esta formación multicultural barcelonesa aportará ambientación musical a diferentes rúas peonís do centro de Sada, nun percorrido que servirá para ir convocando ó público no entorno do Bulevar das Mariñas. Unha vez alí organizaremos unha exhibición de danza cos participantes nos seminarios de Pamela Gaizutite, que irá acompañada coa música en directo en formato acústico dos Jinx Jazz Band.

Con esta iniciativa buscamos chegar a un público amplo na vía pública, tanto ó público informado que asiste ás actividades como ó curioso, que se atopa coa actividade de maneira fortuíta e descobre o interese que suscitan as manifestacións culturais.

Recrearemos na rúa o ambiente que podía vivirse en diferentes salóns sociais e nos primeiros locais de ocio da época, tal como acontecía en Sada en edificios como La Terraza ou "El Moderno".



**17:00h.-19:00h.: MUSICALISMOS: Revival Stompers (Galicia).**

Esta formación coruñesa realizará un pasacalle acompañada por un pequeno corpo de danza, as **"Liza's Ladies"**. Ambas formacións ambientarán diferentes rúas cos sons do dixie e a danza cabaré.

A actuación comezará no interior do edificio modernista La Terraza, cun pase moi curto a modo de homenaxe a este edificio que constitúe o máximo representante da arquitectura modernista en Sada.

**17:30h.-20:00: "Lecer deportivo popular": Torneo de Tenis.**

A época que tratamos de evocar coincidiu no ámbito social coa popularización de deportes regrados, destacando algúns como o ciclismo, a vela ou o tenis. No Paseo Marítimo, detrás do Mercado Modernista, delimitaremos unha pista de tenis "de herba natural", na que organizaremos un pequeno torneo de tenis no que o público interesado poderá apuntarse libremente para xogar partidos a 1 set (inscricións gratuítas dende as 17:00h. a pé de cancha).

**Será indispensable vestir unha indumentaria apropiada, así como esgrimir raquetas acordes coa "tecnoloxía" da época.**

Como é natural, nesta competición deportiva o máis importante é PARTICIPAR. Organízase "por amor ó arte", ou mellor, "por deporte", sen máis premio que o da propia participación e a vivencia dunha experiencia lúdica única.

**19.00h. a 19:45h. Cuarteto ClarineTutti e BrasSada (Formacións da Banda de Música Municipal de Sada).**

Dúas formación saídas da Banda de Música Municipal de Sada animarán o casco urbano: o cuarteto de clarinetes "ClarineTutti" e o grupo de metais e percusión "BrasSada". Dirixidos polo director da Banda Municipal, Miguel Brea, realizarán actuacións no Boulevard de La Terraza. As formacións, maioritariamente formadas por veciños e veciñas de Sada, xa actuaron en varias ocasións na Capela de San Roque ofrecendo no seu repertorio pezas de swing e jazz. Un encontro coa música de cámara para gozar da proposta festiva da Feira Modernista da forma máis elegante.

**19:30h.: MUSICALISMOS: "Jinx Jazz Band"(Barcelona).**

Segundo pasacalles desta formación barcelonesa que ofrecerá un repertorio baseado nun dos primeiros estilos evolucionados do jazz, no entorno do Mercado Modernista e na zona do Paseo Marítimo circundante ata a Praia das Delicias, saíndo ó encontro do público e espallando a súa música para sorprender ós viandantes que visitarán as diferentes propostas de carácter complementario programadas para a tarde do sábado.

**19.30h. a 23:00h. Globo aerostático.**

Dende as 19:30h. comezarán na Praia das Delicias os preparativos para inchar un gran globo aerostático no que o público do Festival Musicalismos e da Feira Modernista poderá darse un bautismo aéreo na modalidade de "voo cautivo" entre as 21:00h. e as 23:00h.

As persoas que asistan ataviadas coa súa mellor "indumentaria de época" poderán subir sobre o ceo sadense para contemplar o "marco incomparable"



do entorno das Mariñas de Sada, gozando dunha perspectiva privilexiada da localidade engalanada para a súa Feira Modernista.

Actividade gratuíta na que será indispensable asistir con indumentaria que trate de recrear o estilo da moda de finais do s. XIX e principios do s. XX.

### **21.00h. a 21:45h. Cuarteto ClarineTutti e BrasSada (Formacións da Banda de Música Municipal de Sada).**

Estas dúas formacións saídas da Banda de Música Municipal de Sada animarán o casco urbano. Trátase dos "Clarinetutti" e de "BrasSada", cuarteto de clarinetes e grupo de metais e percusión, ambos dirixidos polo director da banda, Miguel Brea. Neste segundo pase da tarde realizarán actuacións na entrada do Paseo Marítimo, na glorieta sur, animando a espera para subir ao globo aerostático. As formacións, maioritariamente formadas por veciños e veciñas de Sada, xa actuaron en varias ocasións na Capela de San Roque ofrecendo no seu repertorio pezas de swing e jazz.

### **21:30h. MUSICALISMOS: Thé Dansant con "Jinx Jazz Band".**

Sesión de música en formato acústico a cargo da nosa banda de rúa, que se acompañará de invitación a aperitivos, te, café, champagne, froita... para o público que acuda "modernistamente" vestido. Segunda sesión deste encontro festivo para celebrar a música, o verán, o sol, a vida... revivindo un evento que se celebraba en La Terraza de Sada segundo atoparon as bibliotecarias municipais nunha investigación na hemeroteca da época. O acompañamento musical recaerá nesta ocasión sobre a nosa banda de rúa deste segundo día, os Jinx Jazz Band.

### **22:30h.: MUSICALISMOS: "The Revival Stompers" (A Coruña).**

Para abrir a sesión nocturna na Carpa Acendida propoñemos unha combinación desas que o noso público non pode gozar habitualmente. En primeiro lugar The Revival Stompers subirán ás táboas para ofrecernos a súa selección de ritmos do jazz máis primixenio. Despois de percorrer as nosas rúas pola tarde en formato acústico, escoitarémolos nesta ocasión sobre o escenario, e posiblemente acompañados por unha actuación sorpresa.

### **00:00h. MUSICALISMOS: "Los Hot Chocolates" (Galicia).**

Posiblemente sexa a mellor banda de Galicia no seu xénero. A medio camiño entre unha banda de dixieland e unha big band, cos seus once músicos no escenario defenderán un repertorio co que nos transmitirán a enerxía e positivismo do jazz tradicional fusionado coa diversión e a facilidade para o baile que aporta o swing.

Os "chocolates" era o apelativo co que eran coñecidos os músicos negros das formacións musicais que deron forma a principios do s. XX ó jazz, e das que foron xurdindo diferentes evolucións e estilos posteriores. A bo seguro, o seu concerto trasladaranos a unha época musical chea de alegría e vitalidade, mantendo por todo o alto o espírito festivo na Carpa Acendida.



---

## DOMINGO 31 Xullo:

### **11:00h. Apertura do "Mercado Modernista".**

#### **11:00h.-12:30h MUSICALISMOS: "Pamela Gaizutite". Seminario Lindy Hop.**

Segunda sesión de formación a cargo desta grande bailarina e coreógrafa internacional no escenario e na pista da nosa Carpa Acendida, a carón do edificio modernista de La Terraza.

O grupo de participantes, bailaríns xa iniciados nos estilos de danza swing, poderán participar á finalización da sesión nunha exhibición de danza na rúa acompañada pola música en directo da Jinx Jazz Band. A cita nesta ocasión terá o Lindy Hop como estilo preferente.

### **12:00h.: Ruta do Modernismo: Ruta por la Sada da "Mariñana".**

Ruta didáctica guiada e dirixida por colaboradores da Asociación Irmáns Suárez Picallo.

Actividade conmemorativa do 92º aniversario da edición da "Revista Mariñana". As persoas participantes recibirán un exemplar da reedición facsimilar do primeiro número da "Revista Mariñana".

Inscripción libre na propia Praza de San Roque.

Saída dende a Praza de San Roque. Duración estimada:45 minutos.

### **12:00h.: Ruta e exhibición de Bicicletas Clásicas.**

En colaboración coa Asociación Nacional de las Bicicletas Antiguas y Clásicas (ANBAC), organizamos unha ruta de bicicletas clásicas coa que ambientaremos diferentes rúas de Sada. Ademáis, a ruta está aberta á participación do público sadense, xa que a comitiva poderá ir formada por ciclistas ataviados segundo a moda da época, independentemente da antigüidade que atesoures as súas bicicletas.

O punto de encontro e saída da ruta será a entrada á Carpa Acendida. O percorrido fará parada na zona do Paseo Marítimo, á altura do porto de Sada, para asistir ó inicio do pasacalle da nosa banda de rúa, os barceloneses Jinx Jazz Band.

O colectivo ANBAC exporá a partir das 14:30h. as súas bicicletas no entorno do Mercado Modernista.

### **12:00h.-14:00h.: Maxia: "Miguelillo. La señorita Lupierre" (Castilla y León).**

Un mago moi reputado pola súa participación en numerosos festivais, mestre da "maxia de proximidade". Co seu carromato de estilo antigo ambienta a súa actuación nos momentos en que a maxia comezaba a converterse nun espectáculo de grandes públicos, sumándose á ambientación de época do noso festival. Un novo espectáculo que se realiza no interior dunha vella caravana e que nos transportará a unha época pasada a través da maxia teatralizada, en pases breves de 15 minutos ó longo de todo o día.

Esta proposta ten un innegable atractivo para o público infantil e de corte familiar, que atopará unha oferta de lecer de calidade para complementar a programación principal do festival.



### **12:30h. Exhibición de Danza:**

O centro de Danza Carmen López, de Sada, organizará unha exhibición de danza no escenario da Carpa Acendida. Amosarán ó público varias coreografías inspiradas no movemento Modernista, nas músicas e estilos de danza que tiñan arraigo social na época que recreamos. Baixo a dirección de Carmen López, a exhibición porá en danza músicas de diferentes estilos, dende as composicións para big bands ata o cabaré, incluíndo unha versión libre dunha coreografía da afamada coreógrafa e bailarina Isadora Duncan, preparada con moito talento e con grande cariño pola danza con maiúsculas.

### **12:30h.: MUSICALISMOS: Jinx Jazz Band (Cataluña).**

Esta formación porá a animación musical en directo polas rúas sadenses para este día de peche do Festival Musicalismos. Farán un pequeno percorrido polas rúas da zona do porto, comezando no final do Paseo Marítimo. Coa súa música en formato acústico sairán ó encontro cos viandantes, trasladándolles o ritmo e a maxia das músicas do pasado século.

O pasacalles rematará ás 13:30h. cun pequeno concerto poñendo a música en directo para a exhibición dos participantes nos seminarios de danza de Pamela Gaizutite.

### **13:30h.: MUSICALISMOS: Estivaliz Espinosa (Galicia).**

Esta artista multidisciplinar ofrecerá unha actuación poética e musical na que porá corpo, voz e sentimento a diferentes textos modernistas e das vangardas literarias, cunha temática que servirá de fío conductor: a auga. No apartado musical interpretará composicións de Erik Satie, Debussy, Enric Morera, Reinaldo Hann... así como versións do blues e o jazz primixenios. Acompañada por Ludmila Orlova ó piano, formarán un dúo que encarnará a esencia do Musicalismos e da Feira Modernista no marco incomparable que constitúe o emblema do patrimonio modernista sadense, o edificio de La Terraza.

### **17:00h.-20:00h.: Maxia: "Miguelillo. La señorita Lupierre" (Castilla y León).**

O show deste mago coa súa caravana de época despedirase de Sada durante esta tarde de domingo. Será a última oportunidade de asistir ó seu espectáculo, amosado en numerosos festivais, centrado na "maxia de cerca". Co seu carromato de estilo antigo ambientará a súa actuación nos momentos en que a maxia xurdiu como espectáculo de grandes públicos. O seu espectáculo, enmarcado no interior da súa vella caravana, transportará maxicamente ó público a unha época pasada en pequenos países de 15 minutos.

### **19:00h. Thé Dansant.**

Sesión vespertina de música e baile, acompañada de aperitivos, té, café, champagne, froita... Repetindo a organización dos días precedentes, recrearemos este encontro festivo co que se homenaxea o verán, a vida, a alegría... e conmemoraremos o que se facía en locais de lecer como o de La Terraza nos primeiros anos do s. XX.



Esta edición del Festival Musicalismos e da Feira Modernista irase apagando coa posta de sol mentres poñemos o broche muciscal coas últimas actuacións:

**19:00h.: MUSICALISMOS: "Jinx Jazz Band" (Barcelona).**

Os Jinx Jazz Band introducirán na nosa programación da Carpa Acendida os concertos de despedida da III edición del Festival Musicalismos en Sada cunha actuación en formato enchufado, debullando un repertorio de hot jazz e jazz tradicional. Durante a súa actuación poderán participar bailaríns e bailarinas que interviñeron en diferentes momentos da programación dos días previos.

**20:00h.: Dress to Impress: Vístete de gala para despedir a V edición da Feira Modernista.**

Queremos despedir esta edición da Feira Modernista coas nosas mellores galas. Acompáñanos e "vístete para impresionar"!!

No descanso entre os concertos das dúas bandas que porán a nota musical neste último día da Feira na Carpa Acendida, contaremos coa presenza dun fotógrafo co que queremos inmortalizar unha estampa para o recordo: a do público que nos acompañe, cos seus traxes de época e vestidos co mellor dos sorrisos. Unha "foto de familia" para gardar unha imaxe imborrable do noso ben máis prezado: o noso público.

**20:30h.: MUSICALISMOS: "Marina & the Kats" (Viena).**

Como actuación de despedida desta edición a Carpa Acendida acollerá a unha formación desas que o noso público non ten oportunidade de gozar habitualmente. Os austríacos Marina & the Kats aportarán unha grande orixinalidade, bebendo directamente das fontes do jazz tradicional, o hot jazz e o swing pero cunha enerxía e posta en escena que os converte en totalmente contemporáneos e únicos. Transportarannos coa súa música á evocación do legado modernista que tanto os influenciou gracias ó enorme patrimonio da súa Viena natal.

**20:00h.: Inauguración da exposición fotográfica Memoria de Sada.**

Na Sala de Exposicións "Capela de San Roque" organizaremos unha exposición fotográfica con "alma sadense": un colectivo de veciñas e veciños da vila levan anos recollendo información gráfica sobre a vida en Sada ó longo de diferentes períodos históricos. Atesouran xa miles de fotografías de entre as que seleccionarán unhas 400 para representar a vida na nosa localidade na época que queremos recrear. A exposición, de acceso gratuíto, ocupará o espazo expositivo da Sala de Exposicións "Capela de San Roque" ata o 30 de agosto.